

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E DOMINIO DE BALBOA SL, PARA A ORGANIZACIÓN DA PRESTACIÓN FARMACÉUTICA NA RESIDENCIA XERIÁTRICA SAN COSME.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa entidade Dominio de Balboa SL. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos contados desde o día seguinte da súa sinatura.
2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:
 - A prestación farmacéutica aos usuarios do Servizo Galego de Saúde residentes na RESIDENCIA XERIÁTRICA SAN COSME, se realice de xeito eficaz, eficiente, integrado e coordinado cos outros niveis asistenciais, tendo en conta o establecido na Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.
3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.
4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:
 - A necesidade de asegurar que a calidade da prestación farmacéutica que reciban os usuarios do sistema que se atopen na RESIDENCIA XERIÁTRICA SAN COSME sexa equiparable á que recibe calquera outro usuario do Sistema Sanitario Público Galego, mediante o establecemento de mecanismos que faciliten o acceso a aquelas prestacións, consonte ao establecido no Real Decreto Legislativo 1/2015, de 24 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de garantías y uso racional de los medicamentos y

productos sanitarios, e proporcionen unha mellora da calidade da atención prestada aos usuarios, acadando a súa atención integral e unha utilización eficiente dos recursos.

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014*, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

